

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 02/01/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
MATILDE LAYA LORENZO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO

Lista de non asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

**SECRETARIA**

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:50 horas do día 02/01/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26 de decembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2022/4519**

Dáse conta do escrito presentado por Iglesia Evangelica Centro Bíblico, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 17 de decembro de 2022, en horario de 11:30 a 13:00 horas para realización dunha actividade consistente en canto de panxoliñas e música en directo especial para as datas de Nadal.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/4796**

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas recibidas polas dificultades de acceso e saída da Rúa Illa de Ons.

A Xunta de Goberno Local, á vista do mesmo, acorda que se proceda á sinalización mediante pintado dunha liña lonxitudinal amarela a ambas marxes da Rúa Illa de Ons, dende a súa intersección coa Avda. de Cornazo e ata a esquina do cerramento de pedra, onde a calzada empeza a anhear.

Así mesmo acórdase a colocación dun espello panorámico en mastro existente, en Avda. de Cornazo, fronte á saída da Rúa Montiño de Paradela, para facilitar a incorporación desde a citada Rúa cara a Avenida.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

### **PRP2022/4853**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Balo Rodríguez solicitando a reparación de danos causados nas paredes do garaxe da comunidade do edificio Casino e se volvan a deixar en perfecto funcionamento as arquetas de evacuación de pluviais, que foron afectadas

polas obras levadas a cabo pola Empresa Elecnor.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o promotor das obras a que se refire é a Empresa Unión Fenosa Distribución Electricidad SA (ampliación rede eléctrica na Rúa Castelao, Brandariz, Arzobispo Lago, Alexandre Bóveda), á que deberá dirixirse para a subsanación, no seu caso, dos danos causados.

#### **PRP2022/4854**

Dáse conta do escrito presentado por D Manuel Vilanova Gonzalez no que indica que no Campo da Festa da Capela de San Antón veñen depositando nos colectores de lixo electrodomésticos e demais voluminosos e solicita a colocación de sinalización de prohibido tirar escombros. Así mesmo indica que os estacionamentos de motos existente na Avda. Agustín Romero/Glorieta Mariña Española teñen rotos os aros solicitando a súa reposición.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación da sinalización correspondente co fin de evitar os verquidos de escombros e voluminosos así como a reposición de aros na zona de estacionamento de motos na Av. Agustín Romero.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2022/4855**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2022 de adxudicación do contrato menor de Servizo "Campaña de Comunicación online para as prazas de abastos do Concello de vilagarcía de Arousa, dentro do mardo da orden ICT/951/2021 de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladores da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canales cortos de comercialización, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, figurando no mesmo:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizo para "Campaña de comunicacion Online para as prazas de abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa", a Proimaxe Marketing e Programación, S.L., de conformidade coa súa oferta, polo importe de 16.940,00€ (IVE incluído) e coa mellora antes indicada, con cargo á partida 4311-6270018.

E debendo figurar:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizo para "Campaña de comunicacion Online para as prazas de abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa", a Proimaxe Marketing e Programación, S.L., de conformidade coa súa oferta, polo importe de 15.064,50 € (IVE incluído) e coa mellora antes indicada, con cargo á partida 4311-6270018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **SPAD**

### PRP2022/4856

Dáse conta de Resolución do Conselleiro de Sanidade pola que se conceden as subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por Concellos, Mancomunidades de Concellos ou Agrupacións de Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se concede a este Concello un importe total de 95.968,41 €, coa seguinte desagregación por anualidades:

- Contía 2022: 15.994,73 €
- Contía 2023: 31.989,47 €
- Contía 2024: 31.989,47 €
- Contía 2025: 15.994,74 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## CULTURA

### PRP2022/4850

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento estimativo correspondente ao gasto de DESFILE DE CABALGATA DOS REIS MAGOS 2023 polo importe de 15.747,06€.- (QUINCE MIL SETECENTOS CUARENTA E SETE CON SEIS EUROS) así como a adxudicación a cada unha das entidades que a seguir se indican, polos conceptos e importes que se detallan:

NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO XERAL	IMPORTE	PARTIDA
BEGOÑA FONTÁN CAEIRO	35463322-J	Preparación vestuarios Reis Magos, Escoltas e participantes. Confección de 48 traxes para os paxes reais.	7.872,62€.-	339.22799
PIROTECNIA PENIDE SL	B-15209430	Fachos	372,44€.-	339.22799
DISTRIBUCIONES E. CARBALLO SL	B-32007346	Caramelos duros e brandos	2.937,00€.-	338.22199
CARPAS PONTEVEDRA SL	B-94077633	Carpa Belén vivinte	1.815,00 €	338.203
EMPRESA CUIÑA SL	B-36010775	Bus Histórico	600,00€.-	338.204
SURNE SEGUROS Y PENSIONES 1.		SEGURO	150,00€.-	338.224
MATERIAL IMPREVISTO			2.000,00€.-	338.22699
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	15.747,06€.-	
1Mediador Willis Towers Watson				

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2022/4857

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2022 de convalidación do gasto correspondente ás actuacións levadas a cabo polo Grupo de Gaitas do Grupo Folclórico Mocidade da Torre 83 o pasado día 2 de outubro, (FACTURA Nº 22-02) e Asociación Cultural Folclórica Unión Piñeira de Guillán (grupo de gaitas Treboada) o día 1 de outubro (FACTURA 22F0008) para animación nas rúas, celebrado en A TORRE con motivo das Festas de San Miguel, figurando no mesmo:

- O recoñecemento de obriga, das seguintes facturas correspondentes a actuacións nas Festas de San Miguel en A Torre o pasado días 1 e 2 de outubro de 2022, con cargo á partida 234.22609: -GRUPO FOLKLÓRICO MOCIDADE DA TORRE 83 (Nº 22-02) (nº rexistro 2022/7405) por importe de 391€.
- ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA PIÑEIRA DE GUILLÁN (grupo de gaitas Treboada) (nº 22F0008) (rexistro nº 2022/7292) por importe de 315€

E debendo figurar:

- O recoñecemento de obriga, das seguintes facturas correspondentes a actuacións nas Festas de San Miguel en A Torre o pasado días 1 e 2 de outubro de 2022, con cargo á partida 334.22609:  
-GRUPO FOLKLÓRICO MOCEDADE DA TORRE 83 (Nº 22-02) (nº rexistro 2022/7405) por importe de 391€.

-ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA PIÑEIRA DE GUILLÁN (grupo de gaitas Treboada) (nº 22F0008) (rexistro nº 2022/7292) por importe de 315€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.